



MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O PARLAMENTO DE GALICIA PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e se aproba o seu estatuto, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan da competencia da ATRIGA, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

O Parlamento de Galicia ten asignadas as competencias previstas no artigo artigo 10 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 3.1.k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e á luz do preceptuado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os representantes de ambas as dúas partes consideran que sería moi beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de subministración de información da que poida dispor a Xunta de Galicia a favor do Parlamento de Galicia e que permita a este obter a información que precisa para o exercicio das súas funcións de forma áxil e unha diminución dos custos soportados polas partes que subscriben o presente convenio.

En todo caso, a subministración de información efectuada no ámbito de aplicación deste Convenio deberá respetar os dereitos fundamentais á honra e á intimidade persoal e familiar dos cidadáns e á protección de datos persoais que prescriben os apartados 1 e 4 do artigo 18 da Constitución

Española, nos termos previstos na normativa vixente protección de datos de carácter persoal.

O marco legal que posibilita o obxecto deste convenio ven constituído principalmente polo disposto nos artigos 3.2, 34.1 g) e 95.1 k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (en adiante LXT). Nestes preceptos establécense os principios reitores da aplicación do sistema tributario; o dereito dos contribuíntes a solicitar certificación e copia das declaracións presentadas e, por último, o artigo 95 apartado 1.k) LXT, como excepción ao carácter reservado dos datos con transcendencia tributaria, prevé a cesión de información tributaria a outras Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, logo de autorización dos obrigados tributarios a que se refiran os datos subministrados. Esa información de carácter tributario deberá ser subministrada preferentemente mediante a utilización de medios informáticos ou telemáticos. En todo caso cando as Administracións públicas poidan dispoñer da información polos devanditos medios, non poderán esixir aos interesados a achega de certificados da Administración tributaria en relación coa devandita información.

O presente Convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 virtude do art. 6 do mesmo. As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento prevista no presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

O presente convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de



publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno de Galicia.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 1 de xuño de 2018.

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia

M^a Victoria González Vázquez